



Concello

As Neves

BASES DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL NAS NEVES:

I.- Obxectivo ou Finalidade do concurso:

O Concello de As Neves convoca o concurso de postais de Nadal para os nenos e nenas. Este concurso ten como obxectivo deseñar a postal que repartirá o Concello entre os veciños da localidade para desexar unhas boas festas e un feliz ano novo 2025.

II.- Participación:

Poderán participar neste concurso todos os nenos e nenas ata os 16 anos.

III.- Presentación e entrega:

As propostas deben presentarse nun formato físico. O lugar de presentación é o enderezo do Concello de As Neves, Praza da Cristiandade num. 1, CP 36440 As Neves Pontevedra en horario de mañá de 9 a 14:00 horas de luns a venres.

Ao ser os participantes menores de idade, deberán presentar as propostas acompañados dunha autorización do representante legal para participar no concurso xunto coa fotocopia do DNI do representante e do neno/a.

IV.- Prazo de presentación.

As propostas deberán ser recibidas ata o xoves día 05/12/2024 no Concello de As Neves, Praza da Cristiandade, 1, C.P.: 36440 As Neves (Pontevedra).

V.- Características técnicas, Soporte e Material.

Cada autor/a poderá participar cun máximo de 1 traballo, con material e técnica libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais e inéditos.

Os traballos presentaranse en formato tamaño folio.

Nos carteis deberá incluírse os seguintes textos:

“BO NADAL ” e “As Neves”

VI.- Premios

Establécense os seguintes premios:

1º Premio: Lote Grande de produtos educativos

2º Premio: Lote Mediano de produtos educativos

3º Premio: Lote Pequeno de produtos educativos

Cada gañador/a só pode levar un único premio.

VII.- Xurado

Haberá un xurado composto por 2 representantes dos distintos ámbitos sociais e culturais do concello, e un membro da Corporación, nomeados pola Alcaldía e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía





do nadal.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

Os premios faranse públicos nos medios de comunicación e nas redes sociais, indicando, cando menos, o nome e apelidos dos/as gañadores/as.

VIII.- Traballos premiados

O Concello de As Neves, poderá efectuar cantas reproducións necesiten do cartel que obteña o primeiro premio e difundilo polos medios de publicidade que estime axeitado, sen que polo seu autor poda alegar dereitos ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar o material relacionado coa festa.

Do mesmo xeito, o Concello, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

IX.- Traballos non premiados

As propostas non premiadas poderán recollerse no Concello ata 60 días despois do fallo do xurado.

X.- Publicidade

A convocatoria desde concurso e as súas bases publicarase no **taboleiro de anuncios** do Concello e na súa **páxina web: www.asneves.gal**

Os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

XI.- Normas finais:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O Alcalde- Presidente

ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

